

13. CURSOS MONOGRÁFICOS

1. CH-PUB-LIN-A1-30A-1 (primeiro cuadrimestre) CH-PUB-LIN-A1-30B-1 (segundo cuadrimestre) Introdución á lingua chinesa

Obxectivos:

A lingua chinesa resulta enigmática para case todos os occidentais. Parece unha serie interminable de signos indescifrables. Con todo, cunha pequena preparación os caracteres cobran vida e deixan de ser garabatos para estaren cheos de sentido. Este é o principal obxectivo do curso. Tamén se tratarán cuestións como a fonética, a orixe da lingua, a etimoloxía, a orde da frase, e, cando sexa interesante, comparación co galego e co castelán.

Contidos:

Traballarase as claves para ter un coñecemento básico e sobre todo práctico da fala e escritura:

- Radicais o compoñentes.
- Caracteres.
- Introdución ós idiomas tonais.
- Práctica fonética mediante o sistema de latinización “pinyin”.

Metodoloxía

As sesións terán algúns contidos teóricos e outros prácticos como escritura caligráfica, recoñecemento e escritura dos compoñentes mediante prácticas participativas do alumnado de forma individual ou en grupo.

Materiais

O material extraerase de calquera fonte como son audios gravados, manuais, libros de texto, internet, materiais de elaboración propia, métodos de referencia etc.

Temporalización

Haberá un monográfico de 30 horas (26 presenciais e 4 de traballo individual na casa), repetido nos dous cuadrimestres.

No primeiro, o horario será os venres de 16:00-18:00 horas (Grupo 30A-1), durante o primeiro cuadrimestre e no segundo cuadrimestre do curso (Grupo 30B-1) os luns de 20:00 a 22:00.

Avaliación

Farase unha avaliación continua, condición sine qua non para reaxustar en todo momento os obxectivos e a metodoloxía de tal maneira que propicie a aprendizaxe do alumnado.

A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento.

A cualificación será de “apto” ou “non apto” segundo a participación do alumnado na aula, así como o traballo individual.

2. CH-PUB-CUL-A1-30A-1 (primeiro cuadrimestre)

CH-PUB-CUL-A1-30B-1 (segundo cuadrimestre)

Aproximación á cultura chinesa

Obxectivos:

Dar a coñecer aspectos variados da cultura e vida chinesa, xa que, pese a que nos últimos anos China ocupa os xornais e cada ano supera con creces as previsións realizadas por organismos internacionais en canto ao seu crecemento económico e desenvolvemento industrial, comercial, tecnolóxico e cultural continúa a ser descoñecido e hermético en xeral para o cidadán occidental.

Contidos:

Traballaranse as claves para coñecer o país e os seus aspectos culturais. Entre eles destacamos:

- Aspectos xerais como poboación, xeografía...
- Percorrido histórico.
- Situación actual do país: Política, economía e relacións internacionais.
- Coñecer China: Idioma, crenzas, gastronomía..
- Diferencias culturais entre China e Galicia/España.

Metodoloxía:

O docente exporá contidos culturais diferenciados en cada sesión e establecerá un diálogo entre o alumnado para intercambio de opinións. Tamén se lle pedirá ao alumnado buscas dirixidas e sinxelas de algún aspecto da cultura ou actualidade chinesas.

Materiais

O material extraeráse de calquera fonte como son audios gravados, manuais, libros de texto, internet, métodos de referencia etc.

Temporalización

Haberá un monográfico de 30 horas (26 presenciais e 4 de traballo individual na casa), repetido nos dous cuadrimestres.

No primeiro, o horario será os luns de 20:00-22:00 horas (Grupo 30A-1), durante o primeiro cuadrimestre e no segundo cuadrimestre do curso (Grupo 30B-1), os venres de 16:00 a 28:00.

Avaliación

Farase unha avaliación continua, condición sine qua non para reaxustar en todo momento os obxectivos e a metodoloxía de tal maneira que propicie a aprendizaxe do alumnado.

A superación destes cursos non dará lugar á obtención de certificados do nivel, non obstante, a EOI poderá certificarlle ao alumnado que así o solicite as horas cursadas e o seu aproveitamento.

A cualificación será de “apto” ou “non apto” segundo a participación do alumnado na aula, así como o traballo individual.